

ASISTENTES:

Presidenta:

Dona Dolores Fernández Galiño

Vicepresidenta:

Dona María Xosé Porteiro García

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Dna Patricia Brión Cabanelas

Polo Consello de Contas

D. Manuel José Santana Suárez

Polo Consello Consultivo de Galicia

Dona Ana María López Guizán

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Don Xosé Manuel Rodríguez Méndez

Secretario:

Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 11.00 horas do día 23 de Decembro de 2025, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe convocadas por vía electrónica pola súa presidenta o día 16 de Decembro de 2025, ten lugar a 103 sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros. Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 30 de Setembro de 2025.

Constátase o envío da acta da sesión 102 e estando conformes todos os membros presentes, apróbase por asentimento.

3. - Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Número	Sentido
RSCTG/264/25	Estimación
RSCTG/300/25	Inadmisión
RSCTG/305/25	Arquivo Duplicidade
RSCTG/306/25	Estimación
RSCTG/312/25	Estimación
RSCTG/322/25	arquivo
RSCTG/328/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/329/25	Desestimación
RSCTG/334/25	Estimación
RSCTG/338/25	Estimación

Número	Sentido
RSCTG/437/25	Estimación
RSCTG/441/25	Estimación
RSCTG/445/25	Estimación
RSCTG/448/25	Estimación
RSCTG/461/25	Estimación
RSCTG/475/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/481/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/484/25	Inadmisión extemporáneo
RSCTG/486/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/491/25	Estimación

RSCTG/339/25	Estimación
RSCTG/342/25	Estimación
RSCTG/346/25	Estimación
RSCTG/347/25	Estimación
RSCTG/348/25	Estimación
RSCTG/354/25	Estimación
RSCTG/355/25	Estimación
RSCTG/356/25	Estimación
RSCTG/357/25	Estimación
RSCTG/363/25	Estimación
RSCTG/365/25	Estimación
RSCTG/369/25	Estimación
RSCTG/373/25	Estimación
RSCTG/374/25	Estimación
RSCTG/375/25	Estimación
RSCTG/376/25	Estimación
RSCTG/381/25	Estimación
RSCTG/387/25	Estimación
RSCTG/391/25	Estimación
RSCTG/392/25	Estimación
RSCTG/394/25	Estimación
RSCTG/395/25	Estimación
RSCTG/397/25	Estimación
RSCTG/398/25	Estimación
RSCTG/399/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/401/25	Estimación
RSCTG/403/25	Estimación
RSCTG/406/25	Estimación
RSCTG/407/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/409/25	Estimación
RSCTG/412/25	Arquivo Duplicidade
RSCTG/414/25	Estimación
RSCTG/415/25	Estimación
RSCTG/416/25	Estimación
RSCTG/417/25	Estimación
RSCTG/418/25	Estimación
RSCTG/422/25	Estimación
RSCTG/433/25	Inadmisión

RSCTG/495/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/503/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/504/25	Estimación
RSCTG/505/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/515/25	Estimación
RSCTG/517/25	Estimación
RSCTG/531/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/533/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/542/25	Instar retroacción
RSCTG/545/25	Estimación
RSCTG/549/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/551/25	Desestimación
RSCTG/556/25	Inadmisión
RSCTG/560/25	Estimación
RSCTG/561/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/564/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/565/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/567/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/568/25	Inadmisión
RSCTG/570/25	Inadmisión
RSCTG/571/25	Inadmisión
RSCTG/572/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/574/25	Desestimación
RSCTG/575/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/578/25	Estimación
RSCTG/581/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/583/25	Estimación
RSCTG/588/25	Estimación
RSCTG/589/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/590/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/593/25	Inadmisión
RSCTG/595/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/599/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/625/25	Estimación por motivos formais
RSCTG/632/25	Inadmisión
RSCTG/638/25	arquivo
RSCTG/656/25	arquivo
RSCTG/661/25	Dilixencia de arquivo
RSCTG/678/25	Inadmisión

Apróbase co voto en contra da representante do Consello Consultivo de Galicia e do representante do Consello de Contas de Galicia a proposta de resolución do seguinte expediente:

Número	Sentido
RSCTG/309/2025	Desestimación

Ambos vogais anuncian a presentación da xustificación do seu voto para a súa incorporación como anexo á acta.

A representante da Xunta de Galicia abstense do debate e votación da seguinte proposta de resolución, polo que ausentase da reunión e se aproba por unanimidade dos presentes, a seguinte proposta de resolución:

Número	Sentido
RSCTG/447/25	Desestimación

4. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 27 de Xaneiro de 2026, ás 11.00 horas.

5. - Rogos e preguntas

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 12.05 horas, levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Maria Dolores Fernández Galiño
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia

ANEXO

Con data do 13 de xaneiro de 2026, a vogal representante do Consello Consultivo de Galicia remitiu a xustificación do seu voto, asinada por ela e polo vogal representante do Consello de Contas, que se transcribe a continuación:

XUSTIFICACIÓN DO VOTO EN CONTRA DO VOGAL REPRESENTANTE DO CONSELLO DE CONTAS E DA VOGAL REPRESENTANTE DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

Co máximo respecto ao sentido do voto do resto dos membros da Comisión de Transparencia de Galicia, o noso voto en contra á Resolución 309/2025, radica na apreciación no expediente dun óbice de carácter procedemental que, por mor da súa afectación ao dereito de defensa do interesado, impide neste intre, e ao noso xuízo, un pronunciamento sobre o fondo do asunto.

Neste punto cómpre partir de que o interesado solicitou o acceso, ante a Consellería de Economía e Industria, ao memorando de entendemento asinado coa empresa Altri do 1 de outubro de 2021.

A Consellería de Economía e Industria inadmitiu a súa solicitude mediante Resolución do 10 de xullo de 2025, considerando que a entidade á que se refire a información, Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia, S.L. (Impulsa Galicia), non era un suxeito obrigado polo dereito de acceso á información pública e porque o solicitado non entraba dentro do concepto de información pública.

Contra a dita Resolución, o interesado presentou unha reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia o 5 de agosto de 2025, argumentando que *“a resolución da administración non dá resposta á petición formulada, xa que baséase no argumento de que o documento foi asinado por entidades non afectadas pola Lei de Transparencia”*. Deste xeito, o interesado refire que el solicitou a información da Consellería de Economía e Industria, e que *“o documento solicitado está “en poder” dunha administración pública, que o obtivo “no exercicio das súas funcións” de supervisar a súa propia participación nunha empresa privada”*.

Na tramitación desta reclamación por parte da Comisión de Transparencia de Galicia, solicitouse da Consellería de Economía e Industria a remisión do expediente e a emisión dun informe sobre a reclamación presentada. No informe remitido pola Consellería, e asinado polo Secretaría Xeral Técnica o 22.9.2025, sinalase que *“En canto á información solicitada, non está publicada, e é descoñecida por este órgano (...) Non foi elaborado nin adquirido por ningún dos suxeitos obrigados no exercicio das súas funcións”*.

Con base nestas afirmacións a Resolución 309/2025 da Comisión de Transparencia optou por desestimar a reclamación presentada polo interesado, ao considerar que o informe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria do 22.9.2025 indica que a consellería non ten no seu poder o documento solicitado polo interesado.

Agora ben, a xuízo dos asinantes, a conclusión á que chega a Resolución 309/2025 non é correcta, pois declara a conformidade a Dereito da Resolución do 10 de xullo de 2025 partindo do feito de que a Consellería non ten no seu poder o memorando de entendemento asinado coa empresa Altri do 1 de outubro de 2021, sen ter en conta que a Resolución do 10 de xullo de 2025 inadmitiu a solicitude de acceso, non porque a Consellería non tivese no seu poder o documento, senón co argumento de que a sociedade Impulsa Galicia non era unha entidade suxeita á normativa de transparencia.

Ademais, é importante salientar que o feito de que a Consellería de Economía e Industria non tivese no seu poder o documento solicitado foi por primeira vez posto de manifesto no

expediente no informe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do 22.9.2025, informe este emitido no seno da tramitación da reclamación ante esta Comisión.

Deste xeito, debendo cualificarse coma un feito novo a afirmación contida no informe do 22.9.2025, consonte coa cal a Consellería non tiña no seu poder o memorandum, a xuízo dos asinantes, a Comisión de Transparencia de Galicia, en lugar de entrar a coñecer do fondo do asunto, debeu conceder ao interesado un trámite de audiencia co fin de que este, á vista do contido do informe da Secretaría Xeral Técnica do 22.9.2025, puidese alegar todo o que estimase pertinente na defensa dos seus dereitos. Esta solución conta, ademais, cun expreso apoio legal no artigo 118.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal: *“Cando se teñan que ter en conta feitos novos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, poranse de manifesto aos interesados para que, nun prazo no inferior a dez días nin superior a quince, formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes (...)”*.

Polo tanto, ao noso xuízo, a Comisión debeu proceder a dar traslado ao interesado do informe da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria do 22.9.2025, co fin de que este, á vista das manifestacións recollidas no mencionado informe, puidese formular as alegacións que estimase procedentes na defensa dos seus dereitos.

Só unha vez realizado este trámite, esencial para a contradición do procedemento, era posible entrar a coñecer do fondo do asunto. E, en ausencia do mencionado trámite, garante do dereito de defensa do interesado, non procede a realización por parte dos asinantes de ningunha consideración sobre o dereito, ou non, do señor Lombao Rodríguez ao acceso ao memorandum solicitado.